

## CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE (CEO), PARA A CONTINUIDADE EN 2023 DA INICIATIVA 'CONNECT OURENSE'

### REUNIDOS:

Dunha parte, Don FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG nº 181, do 7 de setembro), actuando en nome e representación da **Axencia Galega de Innovación**, na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos; e actuando en nome e representación do **Instituto Galego de Promoción Económica** (en diante **IGAPE**), na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra parte, Dona MARÍA SOL NÓVOA RODRÍGUEZ, en nome e representación da **Confederación Empresarial de Ourense** (en diante **CEO**), CIF G32012742, na súa calidade de presidenta da entidade, cargo para o que foi nomeada en data 6 de xuño de 2019 en Asemblea Xeral Extraordinaria, conforme os estatutos que rexen o funcionamento da Confederación.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

### EXPOÑEN:

I. Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica adscrita á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, a Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 10 dos seus estatutos, poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios.

II. Que o IGAPE é o ente de dereito público, adscrito á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

III. Que a CEO é unha organización empresarial intersectorial sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins sociais, relacionados no artigo 6 dos seus estatutos, o deseño de accións e programas en beneficio das súas empresas asociadas. Que en cumprimento dos seus fins sociais, a Confederación Empresarial de Ourense veu desenvolvendo unha intensa labor en favor da internacionalización, a innovación e a dixitalización das empresas ourensás por medio de distintos programas e iniciativas o que lle permitiu adquirir unha notable experiencia vinculada a estes ámbitos e á xestión de proxectos internacionais. A CEO realiza e participa activamente en actuacións que favorezan o desenvolvemento económico empresarial, a creación de novas empresas, a xeración de emprego e a mellora no nivel de competitividade das empresas no ámbito da internacionalización, dixitalización e innovación. A título de exemplo citar a activa e extensa participación da CEO nas iniciativas comunitarias INTERREG III (2000-2006), INTERREG IV (2007-2013), INTERREG V (2014-2020) e Erasmus+ - Abrandares emprendedoras en acción, a posta en marcha do Plan para a Internacionalización e Dixitalización das Empresas de Ourense – ExportOU, o Plan Reactiva Mulleres Ourense e o programa de Transformación e Innovación Dixital na empresa – Incorporate, entre outros.

Así mesmo, intervén como canle de transferencia de coñecemento e innovación, e posibilita que solucións avanzadas cheguen ao mercado e xeren negocio, crecemento e emprego.

IV. Que a Xunta de Galicia aposta pola difusión e achegamento das posibilidades da innovación, a competitividade e a transformación dixital en todo o tecido empresarial galego como vía ineludible para garantir a futuro a capacidade competitiva das empresas e a súa permanencia no mercado e para iso debe tecer a rede máis extensa e vertebrada posible en todo o territorio, de modo que esta cultura da innovación e a transformación dixital acade e poida ser comprendida e interiorizada no máximo espectro empresarial en todo o territorio galego. A provincia de Ourense ten unha baixa estruturación e vertebración en xeral, cunha débil relación especialmente entre as comarcas do sueste e nordeste. En canto ás cifras de desemprego, os datos a xaneiro 2021 indican aumento interanual do 11,43% (total de desempregados na comunidade galega) mentres que a provincia de Ourense presenta un maior aumento (+12,31%). Ademais, é unha das dúas provincias interiores galegas, e a de menor número de habitantes, cunha dispersión da poboación que se traduce en maiores dificultades de transmisión das diferentes iniciativas que as administracións poñen a disposición das empresas, como é o caso dos programas e actuacións do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación.

V. Que a propia Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación publicou a *Axenda de Competitividade Galicia: Industria 4.0*, na que se recollen os plans de impulso, os enfoques estratéxicos e as medidas para impulsar en Galicia o renacemento dunha industria renovada, moderna, innovadora e competitiva a nivel global.

VI. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional, e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego ata outro centrado na innovación. Este programa alíñase, tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como coas prioridades contidas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 ("RIS3") así como co programa marco da dita Estratexia denominado "Emprendemento Innovador". En particular,

estímase esencial para a Estratexia RIS3 Galicia adoptar como prioridade a diversificación en sectores tractores galegos e sectores auxiliares a través do uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras; uso orientado á provisión de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, o coñecemento e a tecnoloxía (como, por exemplo, a industria aeroespacial).

VII. Que a CEO, organización sen ánimo de lucro, é a principal organización empresarial da provincia de Ourense e ten entre os seus obxectivos prioritarios actuais contribuír á recuperación da provincia, xerando emprego e mellorando a cohesión económica, social e territorial. En definitiva, estimular unha economía intelixente, sostible e integradora, propiciando a expansión equilibrada do tecido produtivo e a súa proxección internacional e dixital. De forma que proporciona un espazo de acordo e oportunidades ás empresas da provincia, representa os seus intereses cara a Administración e outras entidades públicas e privadas; presta ós asociados servizos de máxima calidade entre os que se encontran a información e o asesoramento, a realización de estudos e informes referidos a necesidades e aspectos económicos, sociais e empresariais da provincia de Ourense, contribuíndo así ao desenvolvemento económico e á creación de emprego na provincia.

VIII. Que, de acordo cos antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta o evidente beneficio que actividades a desenvolver conxuntamente no ámbito da información, a concienciación, o asesoramento e a formación en materias imprescindibles para as empresas e de especial interese para a Xunta de Galicia, como son a innovación e a transformación dixital e sostible como medios para conseguir a competitividade presente e futura das empresas galegas, e o impacto beneficioso que iso reporta ao conxunto da sociedade, GAIN, IGAPE e CEO, asinaron a 20 de xaneiro do 2022 o primeiro texto do convenio para a posta en marcha da iniciativa CONNECT OURENSE co resultado de mellores impactos dos programas de IGAPE e GAIN no tecido empresarial ourensá, respecto a convocatorias anteriores e, por tanto, teñen interese en continuar cos esforzos conxuntos que se estableceron no primeiro convenio CONNECT OURENSE e seguir poñendo en común as súas sinerxías e experiencia en pro da concienciación e capacitación en innovación empresarial e transformación dixital e sostible, que deberán constituír un importante estímulo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa plasma a efectiva realización dun interese común.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na continuidade da iniciativa CONNECT OURENSE e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo cas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira. *Obxecto e visión***

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes para a continuidade e o desenvolvemento de CONNECT OURENSE, en adiante CONNECT, unha iniciativa de carácter transversal orientada a expandir os puntos de información e asesoramento cos que conta a CEO ás zoas Nordeste e Sueste da provincia de Ourense, mediante a apertura realizada en 2022 de dous puntos de información e asesoramento, un en Valdeorras e outro en Verín; así como a realización dunha labor divulgativa e de detección de potencial innovador entre o empresariado e os emprendedores ourensás.

A visión dos asinantes é converter a Ourense nun polo máis dinámico de innovación e dixitalización empresarial. Por elo, as institucións e organización asinantes do presente convenio porán en común recursos para conseguir o obxecto e a visión citados. Entre estes recursos, sen ánimo exhaustivo, atópanse:

- Recursos humanos.
- Recursos económicos e financeiros, para sufragar os gastos operativos.
- Espazos físicos de información e asesoramento.
- Recursos de coñecemento e formación: titorización, mentorización, training.
- Servizos de soporte e acompañamento ás empresas, dirixíndoas ás accións e apoios en materia de innovación, crecemento, economía circular - sustentabilidade, dixitalización e internacionalización.

### **Segunda. Actuacións**

As actividades en colaboración son as seguintes:

1. Mantemento dos puntos de información e asesoramento a zona nordeste e zona sueste da provincia de Ourense:

1.1. Oficina CONNECT Nordeste: en Valdeorras para o achegamento ás empresas e emprendedores ubicados na área de influencia desta comarca.

1.2. Oficina CONNECT Sueste: en Verín para o achegamento ás empresas e emprendedores ubicados na área de influencia destes municipios.

2. Accións divulgativas e detección de potencial innovador: **Gabinete de Innovación Connect**, que realizaría, por unha banda, labores informativas e divulgativas, xornadas, seminarios e outras accións de difusión das posibilidades e apoio á innovación, o crecemento, a internacionalización e a transformación dixital das empresas e, pola outra, detección de empresas innovadoras e con potencial de crecemento e internacionalización.

Todas as accións de difusión, divulgación e comunicación deberán estar coordinadas entre a CEO e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia nos termos previstos na cláusula cuarta, isto é, previa aprobación do plan de comunicación por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

As actuacións previstas no presente convenio executaranse preferentemente con carácter presencial (visitas a empresas; xornadas, seminarios e outras accións de inauguración, divulgación, difusión; información; foros; etc.) se ben se prevé expresamente a posibilidade

de execución das accións, en todo ou en parte, en modalidade non presencial se por circunstancias de conveniencia ou seguridade, aprobadas pola Comisión de Seguimento do convenio, aconsellasen a execución en modalidade alternativa á presencial.

### **Terceira. Xustificación da utilización da figura do convenio**

De acordo co indicado no expositivo, polo nivel de representatividade que a CEO ten no empresariado de Ourense, ao ser a principal organización empresarial da provincia e que á súa vez forma parte da Confederación de Empresarios de Galicia, polo seu carácter multisectorial, polo diverso perfil das empresas asociadas, así como pola capacitación e experiencia do seu equipo directivo e persoal técnico, e pola necesaria colaboración que de modo implícito debería realizarse entre as dúas entidades públicas e a CEO para evitar duplicidades e solapamentos ao dirixirse na súa labor de difusión e concienciación aos mesmos usuarios e con similares servizos, en busca da eficiencia na aplicación dos recursos escasos, e do efecto sinerxía, enténdese que xustifica suficientemente a oportunidade de colaboración para a realización das accións obxecto do convenio.

### **Cuarta. Obrigas da CEO**

Para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda, a CEO, cos seus propios medios máis as contratacións necesarias para o cumprimento dos obxectivos, asumirá, coordinadamente co IGAPE e a Axencia Galega de Innovación, os seguintes compromisos:

1. Mantemento dos puntos de información e asesoramento a zona nordeste e zona sueste da provincia de Ourense:

1.1. Oficina CONNECT Nordeste: en Valdeorras para o achegamento ás empresas e emprendedores ubicados na área de influencia desta comarca.

1.2. Oficina CONNECT Sueste: en Verín para o achegamento ás empresas e emprendedores ubicados na área de influencia deste municipio.

Dende estes puntos se seguirán achegando os servizos da CEO a estas zonas, garantindo un asesoramento de cercanía; informando e trasladando ao empresariado e emprendedores as posibilidades e medios que a Administración galega pon ao seu servizo e lles poden resultar de utilidade, especialmente as liñas de apoio e incentivo de IGAPE e a Axencia Galega de Innovación; pero tamén calesqueira outros apoios que poidan ser de utilidade no desenvolvemento do tecido empresarial das áreas de influencia.

Para completar os servizos dos puntos de información e asesoramento das Oficinas CONNECT realizarase a contratación de servizos de axentes facilitadores do ecosistema de innovación e competitividade, tanto na fase previa de arranque e de acceso ao financiamento como na súa implementación, desenvolvemento e xustificación. De forma que identifiquemos unha metodoloxía de traballo áxil, funcional e práctica para ofrecer solución ás diferentes necesidades e características das empresas ourensás con acceso inmediato ao financiamento necesario para a súa posta en marcha. Contéplase a posibilidade de desenvolver itinerarios e/ou grupos de apoio específicos que maximicen o aproveitamento das convocatorias do IGAPE e GAIN.

Para dar a coñecer a continuidade e obxectivos do novo convenio, a CEO en colaboración co IGAPE e a Axencia Galega de Innovación, comprométese a organizar dúas xornadas, unha en cada oficina para a presentación da continuidade do proxecto.

## 2. Accións divulgativas e detección de potencial innovador, de crecemento e internacionalización:

**Gabinete de Innovación Connect** que, dun lado, xunto co persoal contratado para as oficinas, organizaría as labores informativas e divulgativas (xornadas, seminarios e outras accións de difusión das posibilidades e apoio á innovación e a transformación dixital das empresas) e, doutro lado, abordaría a detección, asesoramento e captación de empresas con potencial innovador, de crecemento e/ou de internacionalización para os programas do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación.

A execución destes cometidos contará coa supervisión, dirección e apoio do persoal directivo, técnico e administrativo da CEO.

Para a execución destas accións a CEO comprométese a:

- Establecer unha axenda de visitas a empresas da provincia e manter entrevistas cos seus directivos, elaborar un informe de cada empresa visitada e xerar propostas de participación en programas do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación para aquelas que presenten un perfil innovador ou potencial de internacionalización.
- Realizar 1 evento de impulso da cultura de Innovación con poñentes de referencia.
- Realizar 3 talleres de Innovación teórico-prácticos en temáticas relacionadas coa innovación como: "Como poñer en marcha un departamento de I+D+i", "Como desenvolver un plan de innovación", "Técnicas de *design thinking* aplicada a innovación", etc. Ditos talleres serán avaliados en base a resultados obtidos en cada unha das propostas de taller presentadas.
- Realizar 3 xornadas de difusión e divulgación de apoios do IGAPE e GAIN, nas que contará coa participación de técnicos de ambas institucións.
- Identificar 4 empresas da provincia de distintos sectores, como casos de éxito de Innovadores ocultos e realizar material de difusión correspondentes (4 vídeos e 4 reportaxes).

Os eventos, talleres e xornadas poderanse celebrar nunha mesma data baixo un programa con varias temáticas se así o considera adecuado a CEO para optimizar o impacto das mesmas e a execución do convenio.

Acompañando a todo o proceso, a CEO poñerá en marcha unha campaña publicitaria divulgativa e de comunicación, abordando diferentes soportes (prensa, radio e internet e redes sociais) previa presentación do correspondente Plan de Comunicación á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para a súa aprobación. Sen prexuízo do anterior, en todos os elementos gráficos e de comunicación, deberán convivir unicamente os logos da Xunta de Galicia e da CEO; no caso de que algunha acción fose realizada en colaboración con terceiros, a dita colaboración debe ser aprobada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, con indicación das consecuencias en materia de comunicación.

#### **Quinta. Obrigas da Axencia Galega de Innovación**

1. O cofinanciamento do orzamento operativo, segundo o establecido na cláusula oitava.
2. A participación, no seu caso, en procesos de selección e contratación das persoas a cargo das oficinas Connect, adoptándose decisións conxuntas entre as partes asinantes en orde a tal selección e contratación.
3. A participación activa nas xornadas de difusión organizadas pola CEO.
4. A participación na Comisión de Seguimento do convenio establecida na cláusula décimo cuarta.

#### **Sexta. Obrigas do IGAPE**

1. O cofinanciamento do orzamento operativo, segundo o establecido na cláusula novena.
2. A participación, no seu caso, en procesos de selección e contratación das persoas a cargo das oficinas Connect, adoptándose decisións conxuntas entre as partes asinantes en orde a tal selección e contratación.
3. A participación activa nas xornadas de difusión organizadas pola CEO.
4. A participación na Comisión de Seguimento do convenio establecida na cláusula décimo cuarta.
5. A revisión das xustificacións de execución do convenio e a liquidación e pago dos gastos correspondentes do convenio.

#### **Sétima. Orzamento das actividades que se van desenvolver**

O orzamento máximo de todas as actividades desenvolvidas ao amparo do presente convenio ascende a 160.000 € do cal a Xunta de Galicia a través do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación financiará un 90%, cun máximo, polo tanto, de 144.000 €.

O presente convenio tramitarase como anticipado de gasto conforme ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso a disposición ou compromiso do gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste.

Límite de gastos financiáveis:

CONCEPTO	MAXIMO FINANCIABLE	GASTOS INCLUIDOS
1. Oficina CONNECT Nordeste	20.000 €	Contratación, persoal propio CEO, gastos de dotación e gastos indirectos (gastos xerais)

2. Oficina CONNECT Sueste	20.000 €	Contratación, persoal propio CEO, gastos de dotación e gastos indirectos (gastos xerais)
3. Visitas e asesoramento a empresas	17.000 €	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos Gastos servizos externos (axentes)
4. Xornadas de difusión temáticas de innovación (4)	23.000 €	Gastos de organización, persoal propio da CEO, catering, servizos externos
5. Xornadas difusión axudas GAIN e IGAPE (3)	15.000 €	Gastos de organización, persoal propio da CEO, catering, servizos externos.
6. Identificación 4 casos de éxito e material difusión	25.000€	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado
7. Campaña publicitaria e materiais de apoio ó programa	10.000 €	Plan de comunicación, material específico, persoal propio da CEO, servizos externos, reforzo persoal CEO
8. Persoal de apoio CEO e gastos xerais	30.000 €	Dedicación horaria persoal CEO e gastos indirectos (gastos xerais)
<b>TOTAL</b>	<b>160.000 €</b>	

### **Oitava. Financiamento da Axencia Galega de Innovación**

A Axencia Galega de Innovación financiará un máximo de 80.000 € con cargo aos seus presupostos para o ano 2023, nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar ata o 100%, conforme á partida orzamentaria 05.A2.561A.6400, no exercicio 2023, sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres.

Para levar a cabo o anterior financiamento, a Axencia Galega de Innovación realizará a oportuna retención para a transferencia do crédito (documento contable RCT) ao IGAPE.

O cofinanciamento da Axencia Galega de Innovación destinarase aos conceptos 3, 4, 5 e 6 da táboa incluída na cláusula sétima e será transferido ao IGAPE para que este se encargue da liquidación global do convenio.

### **Novena. Financiamento do IGAPE**

O IGAPE financiará un máximo de 64.000 € con cargo aos seus orzamentos para o ano 2023, nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar ata o 100%, conforme á partida orzamentaria 05.A1.741A.6400, fondos propios libres.

O cofinanciamento do IGAPE dirixirase ao financiamento dos custos das oficinas CONNECT, establecidos nas liñas 1 e 2 da táboa incluída na cláusula sétima, á campaña publicitaria establecida na liña 7 e ao exceso de dedicación de persoal propio por encima dos 16.000 €

de cofinanciamento establecido da CEO, ata 14.000 €, dentro do concepto de gasto 8 da táboa incluída na cláusula sétima.

Para o cómputo dos gastos indirectos (gastos xerais), considerarase un 10% adicional aos gastos correctamente xustificadas no apartado correspondente, cos límites establecidos en cada apartado para o resultado desta adición.

#### **Décima. Financiamento da CEO**

A CEO cofinanciará as actividades contempladas no presente convenio coa asignación de custos de dedicación de persoal propio e gastos xerais. Para a percepción da totalidade do financiamento do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación, o importe desta asignación non poderá ser inferior ao 10% do presuposto global do convenio (16.000 €).

#### **Undécima. Indicadores de execución e resultados**

A CEO debe levar un cómputo continuo das labores realizadas e as empresas asesoradas de modo que poida xerar un cadro de indicadores de resultados con, polo menos, o seguinte detalle:

	Resultado	Obxectivo
Empresas contactadas		100
Empresas con potencial detectadas		50
Empresas que inician ou incrementan exportación		5
Empresas que poden solicitar axuda á CEEI		20
Nº de axudas tramitadas a convocatorias de GAIN		10
Nº de axudas tramitadas a convocatorias do IGAPE		10
Nº de axudas tramitadas a convocatorias públicas doutras entidades		5

- ✓ Empresas contactadas: realización de visitas polo menos a 100 empresas, acreditándose a efectiva visita a medio de xustificación documental subscrita polas empresas visitadas.
- ✓ Empresas con potencial detectadas: confección do informe referido na cláusula cuarta do convenio (elaboración dun informe da empresa visitada que inclúa a xeración de propostas de participación en programas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación e propostas de participación en programas do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación para as empresas que presenten perfil innovador ou potencial de internacionalización).

Os resultados, deberán optimizarse para acadar os obxectivos propostos. No caso de que non se acaden, desviacións á baixa que, en conxunto, sexan inferiores ao 30% non suporán penalización sobre a achega pública ao convenio; desviacións á baixa e no conxunto, superiores ao 30% suporían unha diminución da achega pública prevista en porcentaxe equivalente.

### **Duodécima. Gastos atendibles**

Serán atendibles os gastos indubitadamente imputados ás actuacións reseñadas na táboa da cláusula sétima:

- Gastos de contratación: custos salariais (incluída SS) das persoas contratadas *ad-hoc* para as oficinas CONNECT ou, se é o caso, custo dos servizos externos contratados para estas funcións.
- Gastos de persoal propio da CEO con dedicación ao obxecto do convenio.
- Gastos dotacionais: materiais inventariables e funxibles adquiridos para as oficinas CONNECT.
- Gastos de contratación de servizos externos para o Gabinete de Innovación Connect.
- Gastos específicos para o desenvolvemento de campaña divulgativa e de comunicación.
- Desprazamentos: desprazamentos en medio de transporte público ou coche propio, en cuxo caso será necesaria a certificación do Secretario Xeral da CEO dos desprazamentos realizados no desenvolvemento do proxecto xunto ca xustificación do seu pagamento por parte da CEO aos técnicos correspondentes.
- Gastos de organización e catering:
  - Contratación de poñentes.
  - Aluguer de espazos e medios audiovisuais de celebración dos eventos.
  - Contratación xeral de medios para a realización dos eventos.
  - Programas, folletos e material para os asistentes aos eventos.
  - Catering para networkings.
  - Servizos audiovisuais, gravación e edición.
  - Gastos de presentadores das xornadas.
  - Gastos de promoción e difusión.
- Gastos de persoal de apoio da CEO na medida da súa dedicación ao obxecto do convenio.
- Gastos indirectos: computados en cada apartado que contempla esta partida mediante un 10% adicional sobre o gasto xustificado.

Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do convenio e, polo tanto, se atenderanse unicamente os gastos realizados a partir da data de sinatura do convenio e ata o 15 de novembro do 2023, coa única excepción dos custos de salarios, Seguridade Social e, se é o caso, retencións do IRPF correspondentes, respectivamente, ao mes de novembro do 2023 e ao cuarto trimestre do exercicio 2023, que

se certificarán en todo caso no prazo de xustificación previsto para tal trimestre, sen prexuízo da súa posterior acreditación da realización do gasto.

Será obrigatorio recadar 3 orzamentos para todos aqueles gastos de contratacións externas ou materiais, iguais ou superiores a 15.000 € máis IVE e xustificar a selección do provedor no caso de non ser o máis económico.

### **Décimo terceira. Xustificación e pagamento**

O financiamento do IGAPE realizarase a medida que se vaian xustificando ante o IGAPE os gastos realizados pola CEO sobre os custos apoiados, mediante certificacións trimestrais. As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización do trimestre natural, excepto as do cuarto trimestre que deberán presentarse como máximo o 15 de novembro de 2023, por vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona a continuación.

O pagamento das actuacións desenvolvidas será realizado polo IGAPE e, para iso, a CEO deberá presentar:

1. Memoria xustificativa do cumprimento das actuacións contempladas neste convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e incidencias máis significativas.
2. Memoria económica xustificativa do gasto nas actuacións realizadas que conterá:
  - a) Certificación emitida pola CEO do total de gastos incorridos no período imputables ao convenio acompañada dunha memoria económica con relación clasificada dos gastos imputables, identificando o concepto, acredor, documento, importe e data de emisión e data de pagamento. En cada certificación, a CEO deberá incluír a imputación de dedicación de persoal propio, por importe non inferior ao 10,00% do total certificado.
  - b) Xustificación de gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados á relación clasificada dos gastos.
  - c) Xustificación de pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
  - d) Xustificación, se é o caso doutros ingresos obtidos para financiar as actividades.
  - e) Cando na contratación de servizos o importe de gasto atendible iguale ou supere a contía de 15.000 € + IVE, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do servizo, así como xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.
  - f) Custos salariais (incluída SS) das persoas contratadas *ad-hoc* para as oficinas CONNECT, nóminas mensuais, documento de pagamento, ingreso das cotas sociais e ingreso, se é o caso, das retencións do IRPF que resulten de aplicación.

g) Desprazamentos no medio de transporte público ou coche propio: certificación do Secretario Xeral da CEO dos desprazamentos realizados no desenvolvemento do proxecto, o seu pagamento por parte da CEO aos técnicos correspondentes, achegando os billetes ou recibos de transporte público ou as follas de liquidación por desprazamento en coche propio.

3. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que a CEO está ao corrente das obrigacións tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou ben, autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula vixésima deste convenio, a CEO autoriza a realización desta petición.

4. Declaración expresa da CEO de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades non están vinculadas con ela (o mero feito de ser empresa asociada á CEO non implica vinculación).

5. No caso de estar exento do IVE, documentación acreditativa da exención.

6. Declaración de titularidade da conta bancaria onde se vaian realizar os pagamentos.

7. Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

En todo caso, o IGAPE resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere necesaria en relación coa execución das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación dos gastos e o seu pago.

Procederá a minoración do financiamento concedido cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas non alcancen os importes dos gastos establecidos, ou ben o financiamento adicional obtido, se é o caso, sumada ás axudas do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación exceda os custos certificados, e a condición de que esta minoración non supoña unha realización deficiente do programa.

A CEO manterá a disposición do IGAPE ou a Axencia Galega de Innovación ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e dos órganos de control da Comisión Europea, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

A CEO resérvase o dereito para deixar en suspenso a execución do programa se presentada a terceira xustificación trimestral, o IGAPE non procedese a aboar as dúas anteriores xustificacións tras presentar a CEO toda a documentación requirida polo IGAPE. De chegar a suspenderse a execución do programa por esta causa, este será renovado cando se proceda á liquidación e pagamento das xustificacións presentadas.

#### **Décimo cuarta. Comisión de Seguimento do convenio**

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo

acordo das partes na súa modificación que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao convenio, polos seguintes membros:

- 1 membro por parte de IGAPE, que actuará como presidente.
- 1 membro por parte da Axencia Galega de Innovación.
- 2 membros por parte da CEO, un dos cales actuará de Secretario.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Décimo quinta. *Vixencia***

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2023.

#### **Décimo sexta. *Causas de resolución***

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- Imposibilidade de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

#### **Décimo sétima. *Publicidade***

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación aos órganos competentes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

A CEO deberá fornecer toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigacións previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento destas obrigas serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

#### **Décimo oitava. *Inexistencia de relación laboral***

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e ningunha das entidades públicas asinantes deste convenio.

#### **Décimo novena. *Modificación do convenio***

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de Seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

#### **Vixésima. *Autorizacións***

A CEO consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comportará a autorización ao IGAPE para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, despois de que a consulta polo IGAPE non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo IGAPE, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

### **Vixésimo primeira. *Protección de datos de carácter persoal***

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RGPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade da CEO, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir información algunha acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse á CEO, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte á CEO do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

### **Vixésimo segunda. *Natureza xurídica e resolución de conflitos***

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. De acordo con o artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, sometendoas á Comisión de seguimento prevista en este. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### **Vixésimo terceira. *Normativa aplicable***

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello de la Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 10 de xaneiro de 2023.

Pola Axencia Galega de Innovación e  
Instituto Galego de Promoción Económica

Pola Confederación Empresarial de  
Ourense

Francisco José Conde López

María Sol Nóvoa Rodríguez

## ANEXO MEMORIA ECONÓMICA

### ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS:

1. Mantemento de puntos de información e asesoramento na zona nordeste e zona sueste da provincia de Ourense:

- Oficina CONNECT Nordeste: en Valdeorras para o achegamento ás empresas e emprendedores ubicados na área de influencia desta comarca.
- Oficina CONNECT Sueste: en Verín para o achegamento ás empresas e emprendedores ubicados na área de influencia destes municipios.

Desde estes puntos de nova apertura achegaranse os servizos da CEO a estas zonas, garantindo un asesoramento de proximidade; informando e trasladando ao empresariado e emprendedores as posibilidades e medios que a Administración galega pon ao seu servizo e pódennles resultar de utilidade, especialmente as liñas de apoio e incentivo de IGAPE e a Axencia Galega de Innovación; pero tamén calquera outros apoios que poidan ser de utilidade no desenvolvemento do tecido empresarial das áreas de influencia.

Para o correcto funcionamento destas oficinas, a CEO poderá manter a contratación previa ou contratar ao amparo do presente convenio a un máximo de dúas persoas de perfil técnico, que deberán contar co apoio dos servizos técnicos centrais da CEO e cun coordinador xeral do proxecto designado pola CEO a tal fin. Alternativamente, tamén poderán cubrir o servizo mediante contratación de servizos externos, en calquera dos casos, cos límites de custo establecidos na seguinte táboa.

Os espazos físicos onde se establezan estas oficinas poderán dotarse cos recursos materiais e activos necesarios ao amparo do presente convenio.

Para dar a coñecer o novo convenio e a continuidade do proxecto CONNECT OURENSE, a CEO organizará sendas xornadas, unha en cada unha das sedes.

2. Accións divulgativas e detección de potencial innovador:

Continuidade dun **Gabinete de Innovación Connect**, que, xunto co persoal contratado para as oficinas e o persoal da CEO dedicado ao gabinete, organizará as labores informativas e divulgativas (xornadas, seminarios e outras accións de difusión das posibilidades e apoio á innovación e a transformación dixital das empresas) e levaría a cabo a detección, asesoramento e captación de empresas con potencial innovador e/ou de internacionalización para os programas do IGAPE e a Axencia Galega de Innovación.

A execución destes labores contará coa supervisión, dirección e apoio do persoal directivo, técnico e administrativo da CEO.

Desenvolvemento:

- Axenda de visitas a empresas da provincia e manter entrevistas cos seus directivos, elaborar un informe de cada empresa visitada e xerar propostas de participación en

programas de IGAPE e a Axencia Galega de Innovación para aquelas que presenten un perfil innovador ou potencial de internacionalización.

- Realizar 1 evento de impulso da cultura de Innovación con poñentes de referencia.
- Realizar 3 talleres de Innovación teórico-prácticos en temáticas relacionadas coa innovación como: "Como poñer en marcha un departamento de I+D+i", "Como desenvolver un plan de innovación", "Técnicas de *design thinking* aplicada a innovación", etc. Os devanditos talleres serán avaliados en base a resultados obtidos en cada unha das propostas de taller presentadas.
- Realizar 3 xornadas de difusión e divulgación de apoios de IGAPE e GAIN, nas que contará coa participación de técnicos de ambas institucións.
- Identificar 4 empresas da provincia de distintos sectores, como casos de éxito de innovadores ocultos e realizar material de difusión correspondente (4 vídeos e 4 reportaxes).
- Acompañando a todo o proceso, a CEO poñerá en marcha unha campaña publicitaria divulgativa abordando diferentes soportes (prensa, radio e internet e redes sociais).

#### ORZAMENTO E FINANCIAMENTO:

O orzamento máximo de todas as actividades desenvolvidas ao amparo do presente convenio ascende a 160.000 € do cal a Xunta de Galicia a través de IGAPE e a Axencia Galega de Innovación financiará un 90%, cun máximo, polo tanto, de 144.000 €.

O presente convenio tramitarase como anticipado de gasto conforme ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda de 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso a disposición ou compromiso do gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste.

Límite de gastos financiáveis:

CONCEPTO	MAXIMO FINANCIABLE	GASTOS INCLUÍDOS
1. Oficina CONNECT Nordeste	20.000 €	Contratación, persoal propio CEO, gastos de dotación e gastos indirectos
2. Oficina CONNECT Sueste	20.000 €	Contratación, persoal propio CEO, gastos de dotación e gastos indirectos
3. Visitas e asesoramento a empresas	17.000 €	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ó presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos. Gastos servizos externos (axentes)
4. Xornadas de difusión temáticas de innovación (4)	23.000 €	Gastos de organización, persoal propio da CEO, catering, servizos externos

5. Xornadas difusión axudas GAIN e IGAPE (3)	15.000 €	Gastos de organización, persoal propio da CEO, catering, servizos externos.
6. Identificación 4 casos de éxito e material difusión	25.000€	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ó presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado
7. Campaña de comunicación	10.000€	Plan de comunicación, material específico, persoal propio da CEO, servizos externos, reforzo persoal CEO
8. Persoal de apoio CEO e gastos xerais	30.000 €	Dedicación horaria persoal CEO e gastos indirectos
<b>TOTAL</b>	<b>160.000 €</b>	

Condicionados á xustificación dun 10% polo menos en dedicación de persoal propio da CEO, IGAPE e a Axencia Galega de Innovación financiarán do seguinte modo:

<b>IGAPE</b>	<b>MAXIMO FINANCIABLE</b>	<b>FINANCIAMIENTO</b>
Oficina CONNECT Nordeste	20.000 €	20.000 €
Oficina CONNECT Sueste	20.000 €	20.000 €
Campaña comunicación	10.000 €	10.000 €
Persoal de apoio CEO e gastos xerais	30.000 €	14.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>80.000</b>	<b>64.000</b>

<b>AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN</b>	<b>MAXIMO FINANCIABLE</b>	<b>FINANCIAMIENTO</b>
Visitas e asesoramento a empresas	17.000 €	17.000 €
Xornadas de difusión temáticas de innovación (4)	23.000 €	23.000 €
Xornadas difusión axudas GAIN e IGAPE (3)	15.000 €	15.000 €
Identificación 4 casos de éxito e material difusión	25.000€	25.000€
<b>TOTAL</b>	<b>80.000</b>	<b>80.000</b>